

PCPI SERVICIOS ADMINISTRATIVOS

O Programa de Cualificación Profesional Inicial de Servicios Administrativos pertence á familia profesional de Administración e Xestión. Abarca un curso académico (900 horas) que inclúen 160 horas de prácticas na empresa a final de curso.

Competencia xeral:

Realizar operacións de verificación e gravación de datos; transcribir, distribuír, reproducir, transmitir e archivar a información e a documentación requiridas nas tarefas internas e externas administrativas e de xestión, así como realizar trámites elementais con documentos, consonte as instrucións, a normativa e os procedementos establecidos, de xeito coordinado e con criterios de calidade, produtividade, seguridade e respecto polo medio.

Ámbito profesional.

Esta figura profesional desenvolve a súa actividade por conta allea, en calquera empresa ou entidade do sector privado ou do sector público, nomeadamente en oficinas, despachos e departamentos de administración ou servizos xerais.

Sectores produtivos.

Está presente en todos os sectores produtivos, así como na Administración, e destaca polo seu alto grao de transectorialidade.

Ocupacións e postos de traballo máis salientables.

- – Gravador/a e verificador/a de datos.
- – Operador/a documental.
- – Auxiliar de dixitalización.
- – Auxiliar de oficina.
- – Auxiliar de servizos xerais.
- – Auxiliar de arquivo.
- – Clasificador/a e repartidor/a de correspondencia.
- – Ordenanza.
- – Auxiliar de información.
- – Telefonista en servizos centrais de información.
- – Despachador/a de billetes.

Módulos:

De carácter xeral:

- Competencia comunicativa e dixital
- Sociedade e cidadanía
- Científico-matemático
- Iniciativa persoal e relacións laborais

Específicos:

- Procesamento de datos e de documentación
- Operacións administrativas e de comunicación
- Arquivo e reprografía
- FCT (prácticas na empresa: 160 horas)

Acceso:

Xóvenes entre 16 e 19 anos que non teñan superada a ESO.

O ciclo complementa a súa formación con visitas de estudo e conferencias de tipo técnico relacionadas co ámbito profesional.